

I MARCHA CICLOTURISTA BTT: ARZÚA DESTINO VERDE



1. DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE


- **Denominación:** I Marcha Cicloturista BTT: Arzúa Destino Verde
- **Organizador:** Concello de Arzúa. Concellería de Turismo
- **Data:** Sábado, 24 de maio de 2025
- **Distancias:** 31 (corta) 46 (longa)
- **Hora:** 9:30 a 14:30 h
- **Localidade de Saída:** No campo da festa de Santa María en Arzúa, a carón do polideportivo
- **Localidade de Chegada:** Arzúa
- **Modalidade:** Evento deportivo non federado
- **Categoría:** Maiores de 18 anos (participantes de 14 a 17 anos con autorización)

2. REGULAMENTO DA PROBA

1. **Organización e Data:** O Concello de Arzúa, a través da Concellería de Turismo, organiza a I Marcha Cicloturista BTT ARZÚA DESTINO VERDE, que terá lugar o sábado, 24 de maio de 2025, con saída e chegada no mesmo punto (campo da festa de Santa María <https://maps.app.goo.gl/qJn2vj9xhWkKbGaP6>). A saída será ás 09:30 h e a hora de chegada do último participante non poderá superar as 14:30 horas.

A concentración e entrega de dorsais terá lugar a partir das 8:15 horas no punto de inicio, unha hora e cuarto antes da saída da proba .

Ao rematar a proba haberá servizo de duchas no pavillón anexo á saída. Na foto pódese observar tanto o punto de inicio da proba como o pavillón.



2. **Natureza da Proba:** Trátase dunha actividade de cicloturismo-BTT, cuxo obxectivo é fomentar o ocio, o turismo e a cultura, excluindo expresamente a competición. As persoas participantes, coa súa inscrición, declaran estar fisicamente aptas para a proba.
3. **Normas de Circulación:** As persoas inscritas deben respectar en todo momento o Código de Circulación, sendo responsables das infraccións que cometan. O tráfico non estará pechado, polo que se debe extremar a precaución en cruces e zonas habitadas.
4. **Idade Mínima:** A idade mínima de participación é de 18 anos. Os menores de 14 a 17 anos poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou tutor/a, acompañada dunha copia do DNI da persoa que autoriza.
5. **Responsabilidades:** A organización non se fará responsable dos gastos ou débedas que as persoas participantes poidan contraer durante o percorrido.
6. **Seguridade:** O uso do casco é obrigatorio en toda a actividade.
7. **Animais de Compañía:** Non se permitirá a presenza de animais durante a marcha.
8. **Inscricións:**
 - A inscrición deberá realizarse a través da plataforma oficial: *SPORTMANIACS*
 - O prezo da inscrición será de 10 €.
 - Todos os participantes terán un agasallo conmemorativo da proba e participarán nos sorteos programados pola organización. A entrega

dos premios derivados dos sorteos terá lugar ao rematar a proba e será anunciada polo speaker. Cada participante participará nos sorteos co número do seu dorsal. Só se entregarán os premios aos participantes que estén presentes no momento da entrega ao finalizar a marcha.

Os sorteos que se fagan a través das redes sociais anunciarán a través das mesmas as súas regras de participación.

- O club que anote un maior número de participantes será recoñecido ao finalizar a proba. Entenderase por club todos os participantes que se anoten baixo unha mesma denominación, podendo ser unha agrupación informal.
- O número máximo de participantes será de 400.
- O prazo de inscrición rematará o mércores 21 de maio de 2025, ou cando se cubran as prazas dispoñibles.
- Non se admitirán devolucións despois da inscrición.

9. Comunicacóns Oficiais: As comunicacóns realizaranse a través dos seguintes medios:

- Plataforma de inscricións do evento: *sportmaniacs*
- Páxina web do Concello de Arzúa
- Perfís oficiais en Instagram e Facebook de Arzúa Turismo, así como a web do Concello de Arzúa

10. Percorrido e Puntos de Control: Estableceranse puntos de control con horarios prefixados. O persoal da organización indicará camiños alternativos se algún participante supera os tempos establecidos.

A marcha terá dúas versións; unha corta e unha longa, as cales estarán debidamente indicadas. Non é preciso indicar cal das dúas se vai realizar, cada participante escollerá a que vai realizar no punto onde se separan, o cal estará sinalizado. A corta terá 31 km e a longa terá 46 km.

11. Modificacións e Suspensións: A organización resérvase o dereito de modificar horarios e percorridos por motivos de seguridade. En caso de alerta laranxa, a proba será suspendida e buscarase unha nova data sen devolución de inscricións.

12. Sinalización e Equipamento:

- Os percorridos estarán sinalizados con estacas de madeira e cintas de balizamento de ser o caso.
- O modelo de sinalización será similar ao da foto



13. **Servizos de Asistencia:**

- Disporase de asistencia sanitaria, ambulancia, Policía Local e Protección Civil durante o evento.
- Haberá 2 avituallamentos ao longo do percorrido e outro ao rematar.
- Ao finalizar a proba, os participantes terán acceso a duchas no pavillón anexo á saída e servizo de lavado de bicicletas.

14. Protección de Datos: A organización garante o cumprimento da Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. Os datos persoais serán incorporados a un ficheiro xestionado por LAMAS BIKE para a xestión do evento. Os participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos seus datos.

15. Dereitos de Imaxe: A inscrición implica a aceptación do uso das imaxes das persoas participantes para fins promocionais, prensa ou comunicación institucionais sen dereito a compensación económica.

16. Aceptación do Regulamento: A participación nesta marcha implica a aceptación total deste regulamento, así como a renuncia a reclamacións por posibles danos que poidan ocorrer durante o evento.

17. **A actividade conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes colectivos** coas coberturas reguladas polo RD 849/1993, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo.

 Cicloturismo sostible na I Cicloturista BTT Arzúa

Na nosa aposta pola sustentabilidade, toda a sinalización da proba está feita en madeira reutilizable e gravada con láser, garantindo 0 residuos plásticos ou de pinturas. Queremos que esta ruta transcorra nun entorno natural preservado, e para iso contamos contigo.

 **Respeto o camiño, coida a natureza e deixa 0 impacto.** Xuntos facemos do deporte unha experiencia máis sostible!  

¡Esperámosvos en Arzúa para desfrutar dunha xornada de deporte e natureza!

